



ay

RESOLUCIÓN DE 18 DE XUÑO DE 2015, DO XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA POLA QUE SE CONVOCA, PARA VINCULACIÓN TEMPORAL POR CONCURSO DE MÉRITOS, UNHA PRAZA DE FACULTATIVO ESPECIALISTA DE ÁREA DA ESPECIALIDADE DE MEDICINA PREVENTIVA E SAÚDE PÚBLICA.

De conformidade co establecido no artigo 67 do Decreto 206/2005 de 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 43/2013, do 21 de febreiro (DOG nº 47, do 7 marzo) polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e polo Decreto 168/2010, do 7 de outubro (DOG nº 199, do 15 de outubro) polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde e Orde do 5 de xullo de 2012 (DOG nº 139, do 20 de xullo) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, o Xerente da Estrutura Organizativa de Xestión integrada da Coruña,

RESOLVE

1. Convocar o proceso de selección de persoal estatutario temporal licenciado sanitario, para a cobertura dunha praza de Facultativo especialista de área da especialidade de Medicina Preventiva e Saúde Pública.
2. As vinculacións realizaranse mediante nomeamento estatutario temporal de interinidade. O réxime de prestación de servizos poderá ser, indistintamente, en xornada de mañá e/ou tarde.
3. O proceso de selección realizarase de conformidade ás seguintes

BASES

Primeira.- Obxecto.

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal temporal para a cobertura dunha praza de facultativo especialista de área recollida no Anexo I, ao abeiro do artigo 9 da Lei 55/2003 do 16 de decembro, do Estatuto Marco de Persoal Estatutario do Sistema Nacional de Saúde.

Segunda.- Requisitos.

Poderán participar na presente convocatoria as persoas interesadas que na data de finalización do prazo para a presentación de instancias reúnan os seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española ou dalgún Estado membro de Unión Europea ou do espazo económico europeo ou ostentar o dereito á libre circulación de traballadores conforme ao Tratado da Unión Europea ou a outros tratados ratificados por España ou ter recoñecido tal dereito por norma legal.

Xerencia de Xestión Integrada

- b) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o/a cónxuxe dos/as españois/as e dos/as nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea e o dos/as nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os/as seus/súas descendentes e os/as do seu cónxuxe sempre que non estean separados/as de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores da devandita idade dependentes.
- c) Estar en posesión do título universitario oficial de grao ou de licenciado ou doutor en Medicina e Cirurxía, ou da licenciatura sanitaria correspondente á praza e o título da especialidade respectiva, segundo se indica no Anexo I.
- d) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se deriven do correspondente nomeamento e non exceder a idade de xubilación forzosa.
- e) Non ter sido separado do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera Servizo de Saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin atoparse inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.
- f) No caso dos nacionais doutros Estados mencionados no primeiro parágrafo a), non atoparse inhabilitado, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ter sido separado por sanción disciplinaria, dalgunha das súas administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.
- g) Non atoparse en situación de excedencia como persoal estatutario na mesma categoría nin estar vinculado mediante vínculo de longa duración na mesma categoría en institucións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. A tal efecto considerarase nomeamento de longa duración aquel de duración igual ou superior a un ano.

Terceira.- Solicitudes, taxas e documentación.

1. As persoas interesadas en participar na convocatoria deberán presentar solicitude, segundo modelo de instancia que se xunta como Anexo II, á súa disposición no Espazo do Profesional da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña e na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

As solicitudes, o xustificante de aboamento de taxas ou, de ser o caso, de estar exento delas, e a documentación que conteña a xustificación dos requisitos e méritos presentaranse no Rexistro da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña (Hospital a Coruña, Xubias de Arriba 84, 15006 A Coruña), dirixidas ao Xerente de Xestión Integrada, dentro do prazo de quinze días naturais a contar desde o día seguinte da publicación do anuncio da presente

Xerencia de Xestión Integrada



convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Será causa de inadmisión ao proceso selectivo a presentación extemporánea da solicitude polo interesado/a.

As solicitudes e o resto da documentación poderán, así mesmo, presentarse a través de calquera dos rexistros previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Xunto coa solicitude os/as aspirantes deberán presentar xustificante de aboamento das taxas administrativas, por dereitos de inscrición por importe de 16,98 €. As taxas deberán aboarse mediante ingreso nunha das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia. Para realizar o ingreso empregárase o impreso de autoliquidación que estará a disposición das persoas interesadas no Espazo do Profesional, no rexistro da Xerencia de Xestión Integrada ou en calquera outro Rexistro xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

A presentación do xustificante do ingreso das taxas no que non figure o selo da entidade bancaria, con indicación da data, determinará a exclusión do/a aspirante. En ningún caso, a presentación deste xustificante suporá a substitución da presentación en tempo e forma da solicitude. En todo caso, o aboamento das taxas deberá realizarse no prazo para a presentación de solicitudes.

Estarán exentos do pagamento da taxas as persoas que acrediten documentalmente, xunto coa instancia, unha discapacidade igual ou superior ao 33%, así como as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. No caso de membros de categoría xeral terán unha bonificación do 50%.

Poderase realizar o pagamento da taxa por internet nas entidades financeiras actualmente autorizadas. Para isto, deberán acceder á oficina tributaria, a través da oficina virtual na páxina web do CIXTEC (www.cixtec.es) e premer a ligazón Oficina virtual-tributaria (cor azul), entrar a servizos de acceso libre e taxas, prezos, multas e sancións. Neste caso, unha vez efectuado o pagamento da taxa correspondente, imprimirase o xustificante de ter aboada a taxa, que será o que se achegue xunto coa instancia. En ningún caso, a presentación deste xustificante suporá a substitución da presentación en tempo e forma da solicitude.

3. As persoas aspirantes deberán presentar xunto coa solicitude de participación, e dentro do prazo establecido, a seguinte documentación:

- Fotocopias dos títulos académicos esixidos para participar na presente convocatoria.
- Fotocopia do DNI ou pasaporte ou documento que acredite a identidade, nacionalidade e data de nacemento do interesado/a, así como, de ser o caso, as circunstancias do dereito o que se refire o apartado a) da base segunda.
- Currículo, acompañado dos documentos acreditativos dos méritos que se aleguen, que deberán ser rexistrados no Fides/Expedient-e mediante o procedemento que consta no punto 4.
- Declaración responsable de non ter sido separado do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera Servizo de Saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin atoparse inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.

Xerencia de Xestión Integrada



- Declaración responsable de non atoparse en situación de excedencia como persoal estatutario na mesma categoría nin estar vinculado mediante vínculo de longa duración na mesma categoría en Institucións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. A tal efecto considerarase nomeamento de longa duración aquel de duración igual ou superior a un ano.
- Certificación médica oficial acreditativa da capacidade funcional para o desempeño do posto de traballo.

4. Procedemento de rexistro electrónico e acreditación de méritos

Para o rexistro electrónico e acreditación dos méritos, as persoas participantes deberán proceder da seguinte forma:

Os/as aspirantes accederán a través do FIDES ao seu expediente electrónico profesional e comprobarán os datos do seu currículo baremables para o procedemento de selección que constan rexistrados na aplicación informática así como o seu estado.

No caso de profesionais que non están rexistrados no Fides/Expedient-e, deberán facelo seguindo as instrucións contidas no seguinte enlace: [Sergas-Emprego público- Expedient-e.](#)

O/a profesional rexistrará no sistema os méritos que posúe para os efectos da súa valoración no proceso de selección, ata o último día do prazo de presentación de solicitudes, inclusive. Logo de rexistrados, deberá imprimir a solicitude de validación destes, que estará dispoñible na aplicación informática na epígrafe de «informe». O procedemento de acreditación de méritos no Fides está recollido no Anexo IV desta resolución.

No caso de que os méritos que se pretendan facer valer xa foran incluídos no expediente electrónico do Servizo Galego de Saúde (Fides/Expedient-e) e acreditados con anterioridade á data da publicación da convocatoria, non será necesario presentar de novo a documentación acreditativa dos mesmos. Non obstante, a comisión de avaliación poderá requirir, en calquera momento, a achega de documentación complementaria acreditativa de calquera requisito ou mérito aínda que conste validado.

Xunto coa solicitude de validación, o/a aspirante deberá achegar a documentación acreditativa dos méritos que figuren pendentes de validación. Só se admitirá como medio de acreditación orixinais ou copias compulsadas.

Non será obxecto de valoración neste proceso de selección ningún mérito inserido no sistema informático e/ou acreditado polo/a aspirante con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Cuarta.- Sistema de selección

A selección dos/as aspirantes levarase a cabo por un procedemento de concurso que se desenvolverá en dúas fases, unha dirixida á valoración dos méritos acreditativos de conformidade co baremo recollido no Anexo III e unha segunda fase que consistirá na Xerencia de Xestión Integrada

celebración dunha entrevista persoal as persoas aspirantes perante a Comisión de Avaliación.

Só se terán en conta os méritos que o interesado/a reúna na data de publicación da convocatoria e acredite no prazo de presentación das instancias.

A puntuación total que os/as aspirantes poderán acadar polo conxunto de ámbalas dúas fases do proceso selectivo será de 100 puntos, distribuídos do seguinte xeito: na fase de valoración de méritos ata 70 puntos, na fase da entrevista ata 30 puntos.

Por razóns de economía de procedemento, a Comisión de Avaliación á que se refire a base quinta, poderán acordar a celebración da entrevista a un número de aspirantes que non será inferior a 6 na especialidade convocada. Nese caso, someterase á entrevista aqueles aspirantes que acaden a maior puntuación na fase de concurso de méritos.

As persoas aspirantes deberán acadar unha puntuación mínima de 40 puntos. De non se acadar a citada puntuación mínima por ningún dos/as aspirantes, poderá quedar deserta a convocatoria.

Quinta.- Comisión de Avaliación.

Para a selección das persoas aspirantes constituirase unha Comisión de Avaliación, cuxas funcións serán avaliar os méritos acreditados polos interesados/as, realizar a entrevista persoal e elevar proposta de adxudicación do nomeamento ao Xerente.

A Comisión de Avaliación terá a seguinte composición:

- Presidente: Un Directivo da Estrutura de Xestión Integrada, que ostentará o voto de calidade para o caso de empate.

- Vogais:
 - Xefe/a de servizo ou Xefe/a de Sección, de ser o caso, da Especialidade Médica correspondente á praza.
 - Un Facultativo Especialista da Especialidade Médica de que se trate, designado polo Xerente.
 - Un representante da área de Recursos Humanos.

Todos os vogais deben ter a condición de persoal estatutario fixo do grupo A.

- Secretario/a: Un Técnico da función administrativa con vínculo estatutario fixo designado polo Xerente, que actuará con voz pero sen voto. O secretario levantará acta de cada unha das sesións que celebre a Comisión.

A Xerencia publicará a composición da Comisión de Avaliación, para xeral coñecemento das persoas interesadas de conformidade coas normas xerais contidas nas presentes bases, na Resolución coa que se publique a relación definitiva de admitidos e excluídos, que se

Xerencia de Xestión Integrada



publicará no Espazo do Profesional da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña e na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

A Comisión de Avaliación poderá propoñer que a praza convocada resulte deserta cando estime, fundadamente, que ningún dos candidatos é idóneo para a cobertura do posto.

A actuación da Comisión de Avaliación estará suxeita ao disposto na normativa reguladora dos órganos colexiados. Os membros da Comisión deberán absterse de intervir, notificándoo á Dirección Xerencia, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros da Comisión cando ao seu xuízo concorran as citadas circunstancias.

Sexta.- Procedemento e tramitación.

1. Rematado o prazo de presentación das solicitudes, a Xerencia ditará Resolución coa relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, indicando neste último caso a causa de exclusión.

Os/as aspirantes disporán dun prazo de cinco días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada Resolución, para presentar reclamacións, ou para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión. Transcorrido este prazo, a Xerencia resolverá as reclamacións presentadas e publicarase a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo xunto coa composición nominativa da Comisión de Avaliación.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza as persoas aspirantes a posesión dos requisitos incluídos na convocatoria. Cando da documentación que deba presentarse se desprenda que algún dos/as aspirantes non posúe algún dos requisitos, decaerá en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

Os/as aspirantes que resulten excluídos definitivamente disporán do prazo dun mes desde o día seguinte ao da publicación da listaxe, para solicitar a devolución das taxas aboadas.

2. A Comisión de Avaliación designada procederá a baremar os méritos aportados polas persoas aspirantes de conformidade co Anexo III. Rematada a baremación, publicarase o resultado da mesma, coa apertura dun prazo de cinco días naturais para a presentación de reclamacións, contados a partir do día seguinte á publicación da mesma. Resoltas as reclamacións, publicarase as puntuacións definitivas, con indicación da data, hora e lugar no que se iniciará a celebración das entrevistas e, de ser o caso, conforme ao disposto na base cuarta a relación de persoas aspirantes que se someterán ás mesmas.

3. A celebración da entrevista non deberá realizarse antes de que transcorra un prazo mínimo de 5 días naturais dende a publicación do anuncio que determine a data e hora do comezo. As entrevistas perante a Comisión de Avaliación iniciaranse alfabeticamente a partir Xerencia de Xestión Integrada



da letra "S", de conformidade coa Resolución do 29 de xaneiro de 2015 da Consellería de Facenda pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 28 do 11 de febreiro de 2015). As persoas aspirantes deberán ir provistos do DNI ou documento oficial que acredite a súa identidade e nacionalidade.

Entenderase que desisten do dereito a este trámite aqueles aspirantes que non comparezan á citación.

4. Rematada a fase da entrevista a Comisión de Avaliación publicará unha resolución provisional cos resultados obtidos polas persoas aspirantes no conxunto das dúas fases (valoración de méritos e entrevista), abrindo un prazo de dez días naturais contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución, para que as persoas interesadas poidan realizar as reclamacións que estimen pertinentes, que serán resoltas pola propia Comisión.

Resoltas as reclamacións, a Comisión de Avaliación elevará o listado definitivo á Xerencia coa proposta de adxudicación do vínculo a favor daqueles aspirantes que acrediten a maior puntuación, agás que concorran circunstancias que xustifiquen que a convocatoria quede deserta, caso no que deberán constar as razóns que motiven a dita proposta.

5. En calquera momento do proceso se a Comisión de Avaliación tivese coñecemento de que algún aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos pola convocatoria, logo da audiencia ao interesado/a, deberá acordar a súa exclusión se procede.

Así mesmo a Comisión de Avaliación poderá solicitar a ampliación ou aclaración da documentación ás persoas aspirantes, para os efectos da valoración dos méritos.

6. De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- a) A aspirante de sexo feminino sobre o de sexo masculino, cando na especialidade no centro se dean as condicións de infrarepresentación previstas no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
- b) Pola orde de maior a menor puntuación obtida polo interesado/a en cada apartado do baremo pola orde das súas letras.
- c) De maior a menor idade.

Sétima.- Resolución.

No prazo de vinte días naturais a Xerencia publicará a Resolución pola que se acorde a adxudicación do nomeamento ao aspirante que resultase da proposta da Comisión de Avaliación, indicando a data ou, de ser o caso, o prazo no que debe tomar posesión. De non tomar posesión na data ou prazo indicado, o interesado/a perderá os dereitos como adxudicatario ao nomeamento, podendo ser chamado o/a aspirante seguinte de conformidade coa orde de maior a menor puntuación outorgada pola Comisión de Avaliación.

Oitava.- Normas xerais.

A publicación dos actos e Resolucións que se diten na tramitación deste procedemento realizarase no taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada (Hospital A Coruña, Xerencia de Xestión Integrada)



Xubias de Arriba 84, 15006 A Coruña), na páxina web do Servizo Galego de Saúde e no Espazo do Profesional.

No non previsto na presente convocatoria, aplicaranse subsidiariamente as disposicións contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Novena.- Recursos.

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 30/1992, de 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso de alzada perante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación.

A Coruña, 18 de xuño de 2015
XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA



Asdo.- Francisco José Vilanova Fraga

DILIXENCIA:

Para facer constar que o día 9 de xullo de 2015 publícase no D.O.G número 128 o anuncio da presente convocatoria, e procedese á súa publicación nos taboleiros de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña

O Director de Recursos Humanos


Manuel Gómez López

Xerencia de Xestión Integrada

ANEXO I

Praza vacante convocada

ESPECIALIDADE	Nº PRAZAS	TITULACIÓN ESIXIBLE
MEDICINA PREVENTIVA E SAÚDE PÚBLICA	1	Título universitario oficial de grao ou de licenciado ou doutor en Medicina e Cirurxía e título de médico especialista expedido polo Ministerio de Educación Cultura e Deporte, na especialidade de Medicina Preventiva

Xerencia de Xestión Integrada

www.galiciasaude.es
Tel. 981 178 000
Xubias de Arriba, 84
15006 A Coruña



ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACION COMO ASPIRANTE Á COBERTURA TEMPORAL, POLO PROCEDEMENTO DE CONCURSO DE MÉRITOS DUNHA PRAZA DE FACULTATIVO ESPECIALISTA DE AREA, CONVOCADA POLA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA.

PRAZA Á QUE SE OPTA	
DATOS PERSONAIS:	
APELIDO E NOME	DNI
DATA DE NACEMENTO	DOMICILIO
LOCALIDADE	PROVINCIA
TELÉFONO	DISCAPACIDADE
FAMILIA NUMEROSA:	
Categoría especial:	Categoría xeral:

EXPÓN:

Que publicada a Resolución do Xerente de Xestión Integrada da Coruña do 18 de xuño de 2015 pola que se convoca, para vinculación temporal, por concurso de méritos, unha praza de Facultativo especialista de área na especialidade de Medicina Preventiva e Saúde Pública.

SOLICITA:

Sexa admitida a presente solicitude para á cobertura do posto indicado, para o que se achega a seguinte documentación:

- Copia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade.
- Exemplar de autoliquidación da taxa destinado á Administración cumprimentado pola entidade bancaria ou documento que o substitúa.
- Currículo profesional.
- Fotocopia da titulación esixida para a praza solicitada.
- Declaración responsable de non ter sido separado do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera Servizo de Saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin atoparse inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.
- Declaración responsable de non atoparse en situación de excedencia como persoal estatutario na mesma categoría nin estar vinculado mediante vínculo de longa duración na mesma categoría en Institucións públicas da Comunidade autónoma de Galicia. A tal efecto considerarase nomeamento de longa duración aquel superior a un ano.
- Certificación médica oficial acreditativa da capacidade funcional para o desempeño do posto de traballo.
- Informe FIDES de validación de méritos, acreditados mediante orixinais ou copias compulsadas.

En _____ a _____ de _____ de 2015

Asinado

Xerencia de Xestión Integrada **XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA.**



ANEXO III

Baremo de méritos

Os méritos avaliáveis, que se computarán ata o día inmediatamente anterior ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no DOG, son os que a continuación se relacionan.

A puntuación máxima polos méritos previstos neste apartado será de 70 puntos.

A. Experiencia profesional: (máximo 30 puntos).

A.1- Por cada mes completo de servizos prestados na categoría por conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: 0,30 puntos/mes.

A.2- Por cada mes completo de servizos prestados na categoría por conta e baixo a dependencia doutras administracións públicas de España ou dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza ou en programas de cooperación internacional debidamente autorizados ao servizo de organizacións de cooperación internacional: 0,15 puntos/mes.

A.3- Por cada mes completo de servizos prestados na categoría por conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias privadas concertadas e/ou acreditadas para a docencia de España ou dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: 0,10 puntos/mes.

A.4- Por cada mes completo de servizos prestados noutra categoría ou especialidade de persoal licenciado sanitario por conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias públicas dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: 0,05 puntos/mes.

Normas xerais de valoración:

Primeira. Os meses serán computados por días naturais.

Salvo para os nomeamentos de atención continuada ou gardas en atención extrahospitalaria, o cómputo dos servizos prestados efectuarase por meses. Para iso calcularase en cada punto do baremo o número total de días e dividirase entre 30, de tal xeito que o que se valorará en cada punto será o cociente enteiro, despreciándose os decimais.

En ningún caso, a suma dos servizos prestados con distintos nomeamentos dentro do mesmo mes natural, poderá valorarse por enriba da puntuación establecida para o devandito período dun mes.

Xerencia de Xestión Integrada



En ningún caso, un mesmo período de servizos prestados poderá ser obxecto de valoración en distintos puntos do baremo. De igual xeito, un mesmo período de tempo de servizos prestados non poderá ser obxecto de valoración en máis dunha categoría/especialidade, ou en varios servizos ou unidades, tanto do mesmo como de diferente centro.

Os servizos prestados con nomeamento de atención continuada ou gardas en urxencias extrahospitalarias, computaranse co criterio de equivalencia dun mes completo por cada 130 horas traballadas no devandito mes, ou a parte proporcional que corresponda á fracción. Se dentro dun mes natural se realizaron máis de 130 horas, soamente poderá valorarse un mes de servizos prestados, sen que o exceso de horas efectuado poida ser aplicado para o cómputo de servizos prestados noutro mes.

Segunda. A experiencia profesional valorarase a partir da data de superación do período formativo conducente á obtención do título da respectiva especialidade.

Os servizos prestados polos especialistas con título expedido por terceiros países valorarase desde a data de homologación ou recoñecemento do título da especialidade polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

A antigüidade como especialista de quen accedera ao título en virtude do Real decreto 1497/1999, do 24 de setembro, valorará, segundo o disposto na Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, a totalidade do exercicio profesional efectivo do/da interesado/a dentro do campo propio e específico da especialidade, descontando de tal exercicio e no período inicial do mesmo o 170 % do período de formación establecido para a dita especialidade en España. O indicado desconto non se producirá respecto de quen obtivera o título de especialista de acordo co previsto na disposición adicional terceira do Real decreto 1497/1999.

Terceira. Os servizos prestados durante o período en que se disfrute dunha redución de xornada para o coidado de familiares, serán valorados como servizos prestados en réxime de xornada completa.

Os servizos prestados polo persoal especificamente nomeado a tempo parcial serán valorados coa conseguinte redución. Cando nun mesmo período, a/o interesada/o acredite distintos nomeamentos a tempo parcial, realizarase unha acumulación, sen que poida resultar, en ningún caso, unha xornada acumulada superior á xornada completa.

O período de formación para a obtención do título de especialista non poderá ser valorado, en ningún caso, como tempo de servizos prestados.

Os períodos de permiso sen soldo así como a permanencia en situación de servizos especiais, agás no suposto de acceder a praza de formación sanitaria especializada mediante residencia,

Xerencia de Xestión Integrada



valoraranse como tempo de servizos efectivamente prestados na categoría/especialidade para os efectos deste baremo.

Os servizos prestados noutra categoría en promoción interna temporal polo persoal estatutario fixo valoraranse como servizos temporais na dita categoría.

Os servizos prestados como especialistas de cota terán a mesma valoración que os prestados como facultativo especialista de área.

B. Formación: (máximo 18 puntos).

Formación Académica:

Grao:

B.1- Licenciatura:

Plan antigo:

- Por cada matrícula de honra: 0,50 puntos.
- Por cada sobresaliente: 0,25 puntos.
- Por cada notable: 0,10 puntos.

Non se valorará o sobresaliente cando se obtivese matrícula de honra.

A suma das puntuacións dividirase polo número total de materias avaliadas no plan de estudos, expresando o cociente con dous decimais.

Non se valorarán as materias de idioma, relixión, formación política e educación física.

Plan novo:

A puntuación correspondente aos estudos de cada aspirante obterase mediante a aplicación do seguinte algoritmo:

$$\frac{0,10 C_n + 0,25 C_s + 0,50 C_{mh}}{C_a + C_n + C_s + C_{mh}}$$

As anotacións C_a , C_n , C_s e C_{mh} corresponden ao número total de créditos que na certificación académica estean adscritos a materias troncais e obrigatorias e nos que, respectivamente, se obtiveron as cualificacións de aprobado, notable, sobresaliente e matrícula de honra. Non se puntuará o sobresaliente cando se obtivese matrícula de honra.

Non serán valorados os créditos correspondentes a materias optativas ou de libre elección/configuración.

Xerencia de Xestión Integrada



A puntuación resultante expresarase con dous decimais.

Non se valorarán as materias de idioma, relixión, formación política e educación física.

B.2- Exame de grao: 0,50 puntos(con sobresaliente ou matrícula de honra 0,25 puntos máis).

B.3- Premio extraordinario: 0,50 puntos.

Posgrao.

B.4- Pola realización de todos os cursos de doutoramento (sistema anterior ao Real decreto 185/1985) ou pola realización do programa de doutoramento ata o nivel de suficiencia investigadora segundo os reais decretos 185/1985 e 778/1998, ou pola obtención do diploma de estudos avanzados (DEA): 1,5 puntos.

B.5- Título de doutor/a no ámbito das ciencias da saúde: 5 puntos.

B.6- Premio extraordinario de doutoramento no ámbito das ciencias da saúde: 0,5 puntos.

B.7- Máster universitario oficial, Máster universitario –título propio, experto universitario, especialista universitario– no ámbito das ciencias da saúde:

1) En caso de estar computado en créditos ECTS:

Título oficial: 0,05 puntos/crédito.

Título propio: 0,025 puntos/crédito.

2) En caso de estar computado en horas:

Título oficial: 0,005 puntos/hora.

Título propio: 0,0025 puntos/hora.

B.8- Docencia universitaria impartida no ámbito das ciencias da saúde: 0,5 puntos/curso académico, ata un máximo de 3 puntos.

Os puntos **B.4** e **B.5** son excluíntes entre sí.

B.9- Formación Continuada:

a) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e que estean dirixidos directamente á categoría á que se opta, acreditados por:

– Comisión –nacional ou autonómica– de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde, créditos CFC.

Xerencia de Xestión Integrada



– European Accreditation Council for CME (EACCME), créditos ECMEC, créditos da EACCME, ou créditos CME da UEMS.

– American Medical Association, créditos AMA PRA categoría 1.

b) Pola asistencia debidamente xustificada a cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, Inem, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou avalados polo Servizo Galego de Saúde ou por calquera organismo público, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e que estean dirixidos directamente á categoría á que se opta.

c) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación continuada realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das administracións públicas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e que estean dirixidos directamente á categoría á que se opta.

– Por crédito CFC: 0,05 puntos.

– Por hora, crédito CIFCE, ECMEC ou AMA PRA categoría 1: 0,005 puntos.

A puntuación que se outorgará aos aspirantes que impartiran os anteditos cursos será de 0,02 puntos por hora de docencia impartida.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e as horas de duración, a valoración será realizada sempre polos créditos que figuren neste.

Non se valorarán os cursos realizados durante o período de especialización que estean incluídos no programa docente da especialidade correspondente.

Os cursos de prevención de riscos, de informática, de xestión clínica, de bioestatística e de metodoloxía da investigación valoraranse en todas as categorías/especialidades, con independencia da data de obtención do título esixido para o acceso a estas, cunha puntuación máxima de 4 puntos.

Só se valorarán os cursos de informática relativos a aplicacións actualmente vixentes nesta Administración sanitaria.

Non serán obxecto de valoración os diplomas relativos á realización de xornadas, seminarios, simposios ou similares, agás que estean debidamente acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autonómica.

Formación Especializada:

B.10- Por ter completado o período como residente do programa MIR (en España ou país da Unión Europea) en calquera das especialidades requiridas para o acceso á categoría ou ben ter completado o período de formación como residente nun centro estranxeiro cun programa recoñecido de docencia para posgraduados/as na especialidade requirida para o acceso e co título validado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte: 5 puntos.

Xerencia de Xestión Integrada



B.11- Por ter obtido o título da especialidade en calquera das especialidades requiridas para o acceso á categoría consecuencia de acceder, con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 127/1984, do 11 de xaneiro, a unha praza de especialista en formación, convocada por algunha das administracións públicas ou institucións sanitarias concertadas con estas e que acrediten ter realizado de xeito ininterrompido e baixo un mesmo réxime docente, os anos de formación establecidos para a correspondente especialidade, mediante nomeamento ou contrato de bolsa docente expedido pola devandita Administración que implique relación profesional retribuída periodicamente con cargo aos seus orzamentos: 5 puntos.

A puntuación das letras **B.10** e **B.11** son excluíntes entre si.

B.12- Por ter completado o período como residente do programa MIR, FIR, QUIR, BIR, PIR ou RHIR doutra especialidade distinta (en España ou país da Unión Europea) ou ben ter completado o período de formación como residente nun centro estranxeiro cun programa recoñecido de docencia para posgraduados/as doutra especialidade distinta á que se presente e co título validado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte: 2 puntos.

B.13- Por impartir docencia de formación sanitaria especializada, ata un máximo de 1,5 puntos:

- Xefe de Estudos de Formación Sanitaria Especializada: 0,50 puntos/ano ou a parte proporcional.
- Titor: 0,20 puntos/ano ou a parte proporcional.
- Colaborador docente: 0,10 puntos/ano ou parte proporcional.

Para os efectos deste baremo, teñen a consideración de colaboradores docentes os profesionais da mesma ou diferente especialidade á que forman que, se desempeñan nomeamento formal de titor, colaboran na docencia nas diferentes unidades asistenciais ou dispositivos nos que os especialistas en formación realizan rotacións de determinada duración, recollidas no programa da especialidade correspondente.

C. Investigación e innovación sanitaria: (máximo 18 puntos).

Pola autoría de traballos científicos e de investigación no ámbito das ciencias da saúde, apreciados libremente polo tribunal conforme os seguintes criterios e táboas de valoración:

C.1- Revistas científicas.

As publicacións deben pertencer a revistas científicas indexadas no CSIC (ICYT, ISOC), IBECS, Pubmed, Web of Knowledge (Wok), Embase e PsycINFO. Non serán obxecto de valoración as publicacións realizadas en revistas non indexadas nas bases de datos referidas.

- Os artigos científicos (orixinal, orixinal breve, revisión sistemática e meta-análise) ponderaranse da seguinte forma, conforme o seu factor de impacto do Journal Citation Reports (JCR), vixente na data de publicación da convocatoria:

- Primeiro cuartil da especialidade: 0,40 puntos.

Xerencia de Xestión Integrada



- Segundo cuartil da especialidade: 0,25 puntos.
- Terceiro e cuarto cuartil: 0,15 puntos.
- Revista indexada sen factor de impacto: 0,05 puntos.
- Outro tipo de publicacións (editoriais, cartas ou artigos de opinión, técnicas e procedementos).
 - Primeiro cuartil da especialidade: 0,10 puntos.
 - Segundo cuartil da especialidade: 0,05 puntos.
 - Terceiro e cuarto cuartil: 0,02 puntos.

No suposto de que á revista se lle atribúan diferentes cuartís en función da/s especialidade/s, asignarase sempre o cuartil máis alto.

Non serán obxecto de valoración as notas clínicas, resumos de comunicacións e casos clínicos.

C.2- Libros ou capítulos de libros.

- Capítulo de libro: 0,10 puntos.
- Libro completo: 0,30 puntos.

Só terán a consideración de libro aquelas publicacións cun mínimo de 49 páxinas. Para a súa valoración, a publicación debe estar avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio.

Non se poderán valorar máis de tres capítulos dun mesmo libro.

Non terán a consideración de libro aínda que adopten esta forma de edición as actas de congreso.

Por non reunir a condición de traballo científico e de investigación non serán obxecto de valoración os libros/capítulos editados como glosario, anuario, manuais de preparación para o acceso á formación sanitaria especializada e ao emprego público, cursos de formación continuada, protocolos de servizo, libros de casos clínicos, sesións interhospitalarias e demais que así sexan apreciadas polo respectivo órgano de selección.

Por ser obxecto de valoración tal mérito noutro punto do baremo, non se lle asignará ningunha puntuación neste punto ás publicacións de teses doutorais.

Non serán obxecto de valoración as autoedicións e/ou autopublicacións, entendendo por tales aquelas publicacións financiadas ou promovidas por algún dos seus autores ou nas que este figure como editor.

No suposto de libros de autoría colectiva, só será obxecto de valoración aquela publicación que, da documentación presentada pola/o aspirante, quede suficientemente acreditada a participación

Xerencia de Xestión Integrada

concreta na mesma. Enténdese por autoría colectiva aquela publicación na que interveñen un mínimo de catro autores.

Para os efectos deste baremo, non terán a consideración de autor da publicación, o coordinador, director e outros colaboradores.

Normas comúns de valoración de libros e revistas:

- En ningún caso, un mesmo contido determinado e obxectivable publicado baixo diferentes formas e en diferentes publicacións poderá ser obxecto de máis dunha valoración.
- Non serán obxecto de valoración as publicacións de carácter divulgativo.

C.3- Por cada **premio de investigación** outorgado a traballos de investigación orixinais publicados, premios a comunicacións en congresos científicos e premios de recoñecido prestixio a traxectorias científicas, outorgados por sociedades científicas, organismos oficiais ou entidades sen ánimo de lucro debidamente rexistradas entre cuxos fins se encontre a investigación, ata un máximo de 1 punto.

- Premio de ámbito internacional: 0,20 puntos.
- Premio de ámbito nacional: 0,10 puntos.

C.4- Participación en **proxectos de investigación**.

Por cada participación en proxectos de investigación ou innovación financiados por organismos públicos:

a. Como investigador principal:

- Proxectos internacionais: 2 puntos.
- Proxectos nacionais: 1 punto.
- Proxectos autonómicos: 0,30 puntos.

b. Como investigador colaborador:

- Proxectos internacionais: 1 punto.
- Proxectos nacionais: 0,30 puntos.
- Proxectos autonómicos: 0,10 puntos.

Por cada participación en proxectos de investigación ou innovación en convocatorias competitivas financiados por organismos privados nacionais ou internacionais:

- Como investigador principal: 0,30 puntos.

Xerencia de Xestión Integrada



Os proxectos de investigación non competitivos non serán baremables.

Non se considerarán parte do equipo investigador o persoal contratado a cargo do proxecto nin as colaboracións puntuais no mesmo.

C.5-Estadías formativas en centros de investigación nacionais ou estranxeiros: 0,05 puntos/mes completo.

Para os efectos deste proceso selectivo teñen a condición de centros de investigación os centros receptores nos que os profesionais desenvolvan actividades de investigación, trátase de centros do SNS, Universidade, organismos públicos de Investigación (OPIS) e, en xeral, calquera centro de investigación dependente da Administración pública española ou estranxeira, que contén con grupos de investigación de traxectoria acreditada en biomedicina e ciencias da saúde.

C.6-Patentes:

- Solicitada e aceptada: 1 punto.
- En explotación: 2 puntos.

C.7- Por ter completado o **programa de formación en investigación Río Hortega** para profesionais que teñan finalizado a súa formación sanitaria especializada: 2 puntos.

D. Coñecemento da lingua galega (máximo 4 puntos)

- Pola realización do curso de iniciación ou CELGA (I, II, III): **2 puntos**.
- Pola realización do curso de perfeccionamento ou CELGA (IV): **4 puntos**.

Resumo Baremo de méritos (máximo 70 puntos)

	Máximo puntuación
EXPERIENCIA PROFESIONAL	30
FORMACION	18
INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN SANITARIAS	18
COÑECEMENTO LINGUA GALEGA	4

Baremo entrevista (máximo 30 puntos)

A entrevista versará sobre o currículo profesional acreditado pola persoa aspirante, valorándose os coñecementos sobre o posto de traballo convocado, as habilidades profesionais e a aptitude e motivación que inflúan no rendemento profesional. Tamén se valorará a maior ou menor adecuación do/a aspirante ás concretas necesidades do posto convocado como Facultativo especialista de área na especialidade de Medicina preventiva, na área de Xestión Integrada de A Coruña.

Avaliarase principalmente as súa capacitación para actividades de Vixilancia, prevención e control da infección asociada a la asistencia sanitaria, con especial interese en:
Xerencia de Xestión Integrada



- Control e prevención de infeccións por microorganismos multiresistentes
- Control de brotes nosocomiais
- Bioseguridade ambiental e do equipamento

Máximo de puntos neste apartado **30 puntos**, cun mínimo de 15 puntos.

Xerencia de Xestión Integrada



ANEXO IV

Procedemento de acreditación de méritos

a) Formación académica	<p>Acreditarase, segundo o suposto, mediante orixinal ou copia compulsada do título expedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou certificación da respectiva universidade, debidamente asinado, que deixe constancia de cada un dos méritos invocados polo aspirante e data na que foron causados. No relativo aos cursos de doutoramento, para que o dito mérito poida ser obxecto de valoración, a certificación que se achegue deberá deixar constancia expresa de que o/a aspirante realizou todos os cursos de doutoramento e indicar o programa e créditos obtidos. Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p> <p>No suposto de titulacións obtidas no estranxeiro (UE) achegarase xunto coa copia compulsada do título, tradución xurada deste ou equivalente e credencial de recoñecemento da titulación expedida polo Ministerio de Educación español.</p> <p>As titulacións obtidas no estranxeiro (non UE) deberán acreditarse coa achega da copia compulsada do título, tradución xurada deste ou equivalente e documento de homologación ou validación expedido polo Ministerio de Educación español.</p> <p>• Supostos específicos:</p> <p>a) A acreditación da formación máster efectuarase mediante orixinal ou copia compulsada do título ou certificación da Universidade na que conste ter sido superada polo/a aspirante a formación conducente á obtención do referido título, datas de realización, programa formativo e o número de horas ou créditos ECTS asignados á dita actividade formativa.</p> <p>b) A docencia universitaria impartida acreditarase mediante certificación da respectiva universidade na que se fará constar expresamente o cargo docente, tipo de vinculación, departamento ou área de coñecemento na que se impartiu a docencia e datas de inicio e fin da vinculación.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado o mérito.</p>
b) Formación continuada	<p>a) Recibida: acreditarase tal mérito mediante copia compulsada do certificado de asistencia ao curso no que deberá constar o organismo ou entidade que convocou e impartiu a dita actividade formativa, as datas de realización, contido do curso e número de créditos e/ou horas asignados. Xunto coa dita certificación deberá achegarse o correspondente programa formativo ou categoría/s destinataria/s.</p> <p>No suposto de cursos acreditados pola Comisión Nacional ou autonómica de Formación Continuada deberá constar o logotipo da respectiva comisión e ademais o número de expediente se se trata de actividades formativas</p>

Xerencia de Xestión Integrada



	<p>posteriores a abril de 2007.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Normas específicas para a formación on line. Valoraranse aqueles diplomas de cursos on line nos que conste o número de créditos, número de expediente e logotipo da Comisión de Formación Continuada. Non será necesario que conste o número de expediente se se trata de cursos anteriores a abril de 2007. <p>Serán válidos aqueles diplomas asinados dixitalmente por Dixital Learning cun certificado dixital emitido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT) así como aqueles que se poidan referenciar a unha web verificable ou cotexable polo órgano de selección. Noutro suposto deberá achegarse certificación orixinal asinada polo órgano que impartiu a actividade formativa que conterà toda a información exixida neste punto.</p> <p>No suposto de formación on line con desenvolvemento nun rango de datas, será válida a formación que conste superada dentro das ditas datas.</p> <p>Valoraranse os módulos ou partes integrantes dun curso nos supostos nos que quede debidamente acreditada a carga lectiva e horas/créditos asignados de forma diferenciada.</p> <p>O órgano de selección resérvase o dereito de poder exixir ao aspirante calquera documentación complementaria e/ou rexeitar calquera certificado on line cando existan dúbidas razoables sobre a súa autenticidade.</p> <p>b) Impartida: acreditarase mediante certificación do organismo ou entidade convocante na que deberá constar o contido e destinatarios da actividade formativa así como o número de horas de docencia impartidas.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
<p>c) Formación especializada</p>	<p>No suposto de titulacións obtidas en España, acreditarase tal mérito mediante orixinal ou copia compulsada do título expedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou certificación emitida pola respectiva Comisión de Docencia ou Rexistro Nacional de especialistas en formación do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade de ter completado o período de formación conducente á obtención do título da respectiva especialidade, que deberá indicar a data de superación.</p> <p>No suposto de titulacións obtidas noutros Estados da Unión Europea achegarase xunto coa copia compulsada do título, tradución xurada deste ou equivalente e credencial de recoñecemento da titulación expedida polo Ministerio de Educación español.</p> <p>As titulacións obtidas no estranxeiro (non UE) deberán acreditarse coa achega da copia compulsada do título, tradución xurada ou equivalente e documento de homologación ou validación expedido polo Ministerio de Educación español.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>

Xerencia de Xestión Integrada



d) Docencia de formación sanitaria especializada	<p>Acreditarase mediante certificación asinada pola Comisión de Docencia do centro onde se tivese impartido este, na que deberá constar expresamente os períodos de desenvolvemento de tal actividade e condición na que se impartiu esta. Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
e) Experiencia profesional	<p>A experiencia profesional acreditarase mediante certificación emitida pola Dirección de Recursos Humanos do centro ou órgano equivalente na que deberá constar a seguinte información: categoría/especialidade, tipo de vínculo (fixo, temporal, atención continuada, formación, promoción profesional temporal), réxime xurídico de vinculación (laboral, funcionario, estatutario), data de inicio e fin de cada unha das vinculacións/nº de horas no suposto de vínculos de atención continuada, total de días de vinculación, réxime de xornada (xornada completa, tempo parcial).</p> <p>No suposto de institucións sanitarias públicas, tal certificación deberá facer constar expresamente a natureza pública da institución e a súa integración no sistema sanitario público do Estado respectivo. Noutro caso a experiencia profesional non será obxecto de valoración.</p> <p>No suposto de institucións sanitarias privadas concertadas deberá quedar debidamente acreditado no certificado a existencia dun concerto co respectivo servizo de saúde autonómico ou sistema sanitario público dun país da Unión Europea nos períodos de vinculación. Noutro suposto tal mérito non será valorado.</p> <p>No suposto de institucións sanitarias privadas acreditadas para a docencia, deberá quedar debidamente acreditado no certificado que se achegue a condición de institución acreditada no ámbito do SNS ou sistema sanitario público dun país da Unión Europea para a formación de especialidades de profesións sanitarias.</p> <p>Non se valorarán as certificacións de vida laboral emitidas polo INSS nin os nomeamentos/contratos que poidan ser achegados polos/as interesados/as.</p> <p>Non será necesario acreditar documentalmente a experiencia profesional nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade así como a condición de centro concertado co Servizo Galego de Saúde.</p>
f) Publicación de traballos científicos e de investigación	<ul style="list-style-type: none"> • Revistas científicas indexadas en Pubmed. Non será necesaria a súa acreditación documental. O/a aspirante consignará na aplicación informática, no espazo habilitado para o efecto, o código de identificación PMID e rexistrará manualmente a información relativa a número de sinaturas, número de orde de sinaturas e tipo de publicación. O sistema realizará a captura automática da información relativa aos outros campos da base de datos de Pubmed para a súa posterior validación. • Revistas científicas indexadas no CSIC (ICYT, ISOC), IBECS, Web of Knowledge (Wok), Embase, PsycINFO. Acreditarse tal mérito mediante certificación ou copia impresa autenticada pola editorial responsable ou

Xerencia de Xestión Integrada



	<p>organismo público con competencias en xestión e arquivo de publicacións. Na certificación ou copia impresa deberá constar o nome da revista, o título do traballo, o seu autor e a data de publicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Libros/capítulos de libro editados en papel. Deberá achegarse copia compulsada das follas en que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor, editorial, o seu depósito legal e/ou ISBN/NIPO, lugar e ano de publicación e índice da obra. Ademais, deberá quedar acreditado o número de páxinas do libro/capítulo e que tal publicación está avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio. • Libros editados en formato electrónico. Acreditarase tal mérito mediante certificación ou copia impresa autenticada pola editorial ou organismo público con competencias de xestión e arquivo de publicacións, na que se fará constar a autoría do capítulo e demais datos bibliográficos básicos que identifiquen a obra e/ou capítulo (autores, data de publicación, edición, ano, URL e data de consulta e acceso). Tal publicación deberá estar avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio. <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
<p>g) Premios de investigación</p>	<p>Acreditarase tal mérito mediante copia compulsada do diploma de concesión. Se no diploma non consta expresamente o seu ámbito, deberá complementarse tal documentación coa achega das bases de convocatoria do premio.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
<p>h) Proxectos de investigación</p>	<p>A participación como investigador principal no proxecto de investigación acreditarase mediante copia da publicación oficial da resolución de convocatoria, sempre que consten os datos necesarios para identificar o proxecto e o investigador, ou certificado de participación expedido polo organismo financiador, no que consten os datos identificativos do interesado e do proxecto no que participa.</p> <p>A participación como investigador colaborador acreditarase mediante a presentación da copia de resolución de convocatoria se nela consta tal participación. O/a aspirante deberá constar como parte do equipo investigador definido no documento de solicitude do proxecto ou en documento posterior que así o acredite no caso de que houbera cambios no equipo investigador ao longo da súa vixencia.</p> <p>No suposto de que o organismo convocante non expida certificados de participación, deberá achegarse certificado asinado polo investigador principal no que conste a identidade do/s colaborador/es, notificación acreditativa de concesión do proxecto ao investigador principal expedida polo organismo e copia do proxecto orixinal enviado a convocatoria no que deberá constar a identidade dos investigadores colaboradores.</p>

Xerencia de Xestión Integrada



i) Estadías formativas	<p>Acreditaranse mediante certificación do responsable da estadía (director do centro) na que se faga constar o obxecto da estadía e as datas de inicio e fin. Xunto coa dita certificación achegarase a copia do contrato ou resolución da convocatoria da bolsa, segundo a condición da estadía.</p> <p>Non serán tidas en conta as rotacións externas realizadas durante o período formativo da respectiva especialidade.</p>
j) Patentes	<p>As patentes solicitadas e aceptadas acreditaranse coa inscrición no Rexistro de Patentes. As patentes que se encontren en explotación acreditaranse coa achega do acordo de explotación da patente</p>
k) Programa de Formación en Investigación Río Hortega	<p>Este mérito deberá rexistrarse electronicamente polo/a aspirante en FIDES/expedient-e no punto doutros méritos.</p> <p>Acreditarase este mérito mediante contrato de traballo asinado entre o candidato e a entidade beneficiaria, xunto ao que se achegará informe de vida laboral expedido polo INSS.</p>
l) Compulsa de documentos	<p>As copias dos documentos acreditativos de méritos que se acheguen deberán estar cotexadas polo responsable do rexistro onde se presenten ou compulsadas por notario ou funcionario público acreditado para a realización de tales funcións.</p>
m) Tradución de documentos	<p>Os títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español deberán acompañarse da súa tradución ao castelán ou galego, que deberá efectuarse:</p> <p>a) Por tradutor xurado, debidamente autorizado ou inscrito en España.</p> <p>b) Por calquera representación diplomática ou consular do Estado español no estranxeiro.</p> <p>c) Pola representación diplomática ou consular en España do país de que é cidadán/cidadá o/a solicitante ou, de ser o caso, do de procedencia do documento.</p> <p>Respecto dos traballos científicos e de investigación redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español, non será necesario presentar copia traducida.</p>

Xerencia de Xestión Integrada